

## **Clara Campoamor**

Filla dun modesto empregado e dunha modista. Aos 21 anos ingresou no Corpo de Correos e Telégrafos. En 1924 obtén o título de licenciada en dereito pola Universidade de Madrid, tiña entón 36 anos e apenas había mulleres que exerceran a profesión de avogado.

Elidida deputada en 1931 como membro do Partido Radical, formou parte da comisión encargada de redactar o proxecto de Constitución da Segunda República. En outubro de 1931 fundou la Unión Republicana Feminista. En 1935 se separou do Partido Radical, debido á "pérdida de confianza y la fe en el Partido" por levar a cabo unha política de dereitas. En 1936 escribiu a súa obras máis coñecida El voto femenino y yo, na que argumentaba a súa defensa da concesión do voto as mulleres. Exiliouse a Francia, para pasar posteriormente a Argentina e Suiza. Morreu en Lausana o 30 de abril de 1972.

## **Chocha Bescansa (Ángeles de la Gándara Barrio)** (1916-2006)

Ángeles de la Gándara chegou a ser unha das persoas máis coñecidas da sociedade santiaguesa polo seu traballo en beneficio dos máis necesitados. Presidenta da Cruz Vermella durante moitos anos, foi promotora da asociación “Banco do Pobre”, que nos anos sesenta fixo realidade o proxecto de construír vivendas para os máis necesitados no entorno da estrada de Noia.

O seu labor solidaria e as súas iniciativas a favor dos máis desfavorecidos fixérona merecedora da Medalla de Galicia, que recibiu no ano 1997.

## **Ignacio Rivas Marqués**

Químico, membro do Colexio Oficial de Químicos de Galicia, quen ten instaurado un Premio co seu nome “Premio Ignacio Rivas Marqués”.

Nado en Palma de Mallorca o 21 de Abril de 1901, casou con Catalina Barceló Ferrer e tivo seis fillos. Estuda bacharelato no Instituto Raimundo Lulio e Ciencias Químicas na Universidade de Valencia. Se inicia na investigación baixo a dirección do profesor Antonio Madinaveitia na Universidade Complutense de Madrid, onde acada o grao de Doutor. Completa a dita formación no Institut Pasteur de París baixo a dirección do profesor E. Fournau. En 1928 obtén a cátedra de Química Orgánica da Universidade de Salamanca, despois a de Valencia en 1940 e finalmente, en 1942, a de Santiago de Compostela onde permanece ata a súa xubilación en 1971. A súa labor investigadora continuou, sen embargo, nos Laboratorios de Química Orgánica do Consello Superior

de Investigacións Científicas ata 1982, data das súas tres últimas publicacións científicas acerca da síntese de análogos da hormona xuvenil de insectos. Faleceu en Santiago de Compostela o 31 de xullo de 1996.

Entre as distincións honoríficas concedidas ao Prof. Ribas Marqués figuran: Gran Cruz de la Orden Civil de Alfonso X el Sabio, Medalla de Oro de la U. de Salamanca, Premio a la Ciencia de la Excm. Diputación Provincial de La Coruña, Premio de Ciencias del Consejo Superior de Investigaciones Científicas de 1972, Fillo Adoptivo e medalla de prata da Cidade de Santiago de Compostela, Premio Xunta de Galicia de Investigación Científica de 1987, Medalla Castelao de la Xunta de Galicia de 1991. Foi socio fundador do Colexio de Químicos de Galicia, membro correspondente da Real Academia de Ciencias de España e Académico de número da de Galicia, así como membro da American Chemical Society e de varias sociedades científicas europeas.

O Prof. Rivas realizou unha brillante labor investigadora na área da Química das Sustancias Naturales, en especial sobre a química dos alcaloides, que se traduciu na dirección de 68 Teses Doctorais, a publicación de 135 traballos científicos orixinais e a creación da Escola Compostelana de Química de Sustancias Naturales, de grande prestixio internacional. É de destacar que algún dos alcaloides illados se bautizaron con nomes galegos, como a Santiaguina, o que serviu para difundir o nome de Santiago por todo o mundo científico. A maior parte da súa actividade científica a realizou en Santiago, no Departamento de Química Orgánica da Universidade e nos Laboratorios de Química Orgánica do Consello Superior de Investigacións Científicas. De entre os seus numerosísimos discípulos, oito cegaron a ser Catedráticos de Universidade, e outros, Investigadores en centros científicos do estranxeiro, Profesores de Investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas, profesores de Bacharelato e profesionais da Industria.

### **José Villar Granjel**

Santiagués morto no ano 47, sen fillos, acudiu en axuda de moitos conveciños aos que axudou en silencio perante a súa vida. Pero, ademais, como consta nunha emocionada carta de D. José Mosquera (O Vello dos Contos) a D. Ramón Otero Pedraio de xaneiro do 47, foi co seu pecunio persoal e exclusivo que este home, galeguista convencido, comprou a Casa da Matanza en Padrón.

**Isaac Díaz Pardo.** Isaac Díaz Pardo naceu en 1920 na casa da Tumbona da compostelá Rúa das Hortas. Frecuentou desde moi neno o taller do seu pai, Camilo Díaz Baliño. No ano 1955 viaxou por primeira vez a Arxentina, onde iniciou outra experiencia industrial de cerámica, a da Magdalena, a 108 km. de Bos Aires, e onde con Luís Seoane e o apoio dos intelectuais galegos alí exiliados, constituíu o Laboratorio de Formas, que proxectou a creación dunha serie de empresas recuperadoras da memoria histórica de Galicia: a restauración do complexo de Sargadelos e o seu Seminario de investigación, o Museo

Carlos Maside, Edicións do Castro, Seminario de Estudos Galegos, Laboratorio de Industria e Comunicación, Instituto Galego de Información. Con sede da súa industria en Santiago, Sargadelos, segue a ser un referente da cultura galega.

### **Carlos Briones Varela**

Natural de Santiago de Compostela, alumno da universidade de Santiago, realizou os seus estudos cun expediente de matrículas de Honra en medio de dificultades heroicas: dedicación plena ao Hospital, médico interno do sanatorio do Dr. Ramón Baltar; grande nos seus xestos humanos, era coñecido como “o médico de los pobres”.

### **Marie Curie (1867-1934)**

Realizou estudos de física, terminando os mesmos co número un da súa promoción. Casada con Pierre Curie, dedicaron a súa vida aos descubrimentos en torno aos novos tipos de radiación. Foi a primeira en utilizar o termo “radioactivo” para descubrir os elementos que emiten radiacións cando se descompoñen os seus núcleos. No 1898 o matrimonio anunciou o descubrimento polo que recibiron o Primeiro Nobel de Física no 1903 (compartido con Becquerel) os dous novos elementos: o polonio e o radio.

Marie Curie foi a primeira muller que recibiu un Nobel.

No ano 1911 recibiu un segundo Nobel, un feito sen precedentes. Nesta ocasión foi o de Química, polas súas investigacións sobre o radio e os seus compostos. Foi nomeada directora do Instituto de Radio de París en 1914 e fundouse o Instituto Curie.